



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA REALIZAR O PROGRAMA "CORRESPONDENTES UNIVERSITARIOS/AS"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, prevé formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o convenio arriba referido por un período de vixencia desde a data da súa sinatura ata o final do curso académico 2024-2025, prorrogándose automaticamente por curso académico se non hai denuncia por ningunha das partes.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de conformidade co artigo 29 do Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, correspóndelle a xestión das actuacións en materia de xuventude. No ámbito destas competencias e de acordo coa Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia, o principio de información é garantía e presuposto da participación da xuventude e de aí a necesidade de artellar mecanismos para que a información sobre os recursos, programas e iniciativas públicos destinados á mocidade chegue ao maior número de ámbitos posible, ocupando un lugar principal, o ámbito universitario. Para estes fins, as dúas institucións citadas deciden traballar xuntas para dotar os mozos e mozas universitarios da información necesaria para facilitarlles unha participación máis plena na sociedade. Existe pois un interese común entre a Dirección Xeral de Xuventude (unidade administradora das competencias de xuventude dentro da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude) e a Universidade de Santiago de Compostela en achegar medios para a consecución dese obxectivo último de contar cunha poboación universitaria máis e mellor informada, colaborando na posta en marcha do programa "Correspondentes Universitarios/as".

Esta colaboración non implica compromisos económicos para ningunha das dúas partes.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asino esta memoria na data da súa sinatura dixital.

A Directora Xeral de Xuventude

Lara Meneses Álvarez

